


**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E O CONCELLO DA CORUÑA POLO QUE SE DESENVOLVE O CONVENIO MARCO ASINADO O 4 DE OUTUBRO DE 2021, PARA A DOTACIÓN DUN CENTRO DE SAÚDE NO ANTIGO MERCADO DE SANTA LUCÍA (A CORUÑA)**


A Coruña, 26 de xuño de 2025

**REUNIDOS**


En presenza do presidente da Xunta de Galicia,  
don Alfonso Rueda Valenzuela




Dunha parte, **D. Antonio Gómez Caamaño**, conselleiro de Sanidade e presidente do Servizo Galego de Saúde, organismo autónomo adscrito á dita consellería, actuado en nome e representación deste último, no exercicio das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, e de conformidade co establecido no Decreto 145/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, así como na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.



E doutra parte, **D<sup>a</sup> Inés Rey García**, actuando en nome e representación do Concello da Coruña (NIF P1503000J), en virtude da súa condición de alcaldesa-presidenta da citada corporación, segundo o disposto no artigo 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), 61.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia (LALGA) e o artigo 41.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades




locais. Actúa asistida por D<sup>a</sup> María Esther Álvarez Martínez, oficial maior do Concello da Coruña, para dar fe do acto, de acordo coas facultades que lle son propias de conformidade co previsto no artigo 3.2 i) do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da Administración local con habilitación de carácter nacional, e disposición adicional oitava, apartado d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.



As partes intervinientes recoñécense capacidade legal para outorgar o presente convenio, e para estes efectos,

## EXPOÑEN




I.- A fin de dar unha mellor resposta aos problemas de saúde da poboación, mediante actuacións que permitan mellorar as dotacións e infraestruturas dedicadas á atención asistencial á cidadanía no Concello da Coruña, considerouse necesario dotar á zona do antigo mercado de Santa Lucía dun novo centro de saúde, como resultado do peche do de Federico Tapia.



II.- Ante esta necesidade e coa previsión do Concello da Coruña de realizar a rehabilitación integral do edificio do antigo mercado de Santa Lucía, o Servizo Galego de Saúde e o Concello da Coruña formalizaron en data 04.10.2021 un convenio marco de colaboración polo cal, en síntese:

- O Concello da Coruña comprometéase a ceder ao Servizo Galego de Saúde o uso dunha parte do edificio (estimada nun porcentaxe a modo indicativo e adiando á súa concreción ata a redacción do proxecto) para que se destine a centro de saúde durante un prazo de 30 anos, prorrogable por outros 30 anos,



- O Servizo Galego de Saúde comprometéase a destinar a parte do edificio cedido a centro de saúde e a facerse cargo, na medida que proporcionalmente lle corresponda ao centro de saúde, dos custos de redacción de proxecto, dirección de obra, coordinación de seguridade e saúde, execución da obra e mantemento da mesma.



III.- En desenvolvemento do convenio marco realizouse un concurso de proxectos con participación de xurado, conformado por membros do Servizo Galego de Saúde e do Concello da Coruña, no cal se aboaron premios por importe total de 45.000 euros e no que resultou gañador Burgos y Garrido Arquitectos, S.L.P. Consecuentemente, o Concello da Coruña formalizou con este o contrato de Servizo de asistencia técnica para a redacción do proxecto de execución e dirección facultativa da reforma do antigo mercado de Santa Lucía, cun orzamento base de licitación – unha vez descontados os 20.000,00 € abonados en concepto de primeiro premio – de 453.533,33 € (IVE incluído), do cal, 264.120,00 € correspóndense ca fase de redacción do proxecto e o estudo de seguridade e saúde – da que se detrae o primeiro premio – , e os restantes 189.413,33 € ca dirección de obra, documentación final, e informe final de devolución da garantía.



En execución deste contrato foi elaborado o Proxecto básico e de execución de rehabilitación do antigo mercado de Santa Lucía na Coruña, polos arquitectos Francisco Jesús Burgos Ruiz (colexiado COAM núm. 7816) e Ginés Ignacio Garrido Colmenero (colexiado COAM núm. 9103). Segundo o dito proxecto a porcentaxe do inmovible destinado a centro de saúde correspóndese co 54,12% do total.




IV.- A cláusula Quinta do convenio marco establecía: *"As obrigas recollidas neste convenio marco que se indican nas seguintes cláusulas faranse efectivas*

*cando se materialice o correspondente convenio de desenvolvemento do mesmo".*  
En cumprimento desta previsión faise necesario formalizar un novo convenio que desenvolva o estipulado no asinado o día 04.10.2021.

Por todo isto, formalízase o presente convenio de desenvolvemento de acordo cas seguintes.



## **CLÁUSULAS**

### **Primeira. Obxecto**



O obxecto deste Convenio é establecer a colaboración entre o Servizo Galego de Saúde o Concello da Coruña para dotar á zona do antigo mercado de Santa Lucía dun novo centro de saúde, en desenvolvemento do Convenio marco asinado en 04.10.2021.

### **Segunda. Requisitos**



De acordo co establecido no artigo 4 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, será requisito para a concesión desta subvención directa que o concello cumprise co deber de remisión ao Consello de Contas da súa conta xeral.

### **Terceira. Compromisos do Concello da Coruña**

O Concello da Coruña asumirá os seguintes compromisos:



1. Licitar as obras previstas no Proxecto básico e de execución da rehabilitación do antigo mercado de Santa Lucía na Coruña, elaborado polos arquitectos Francisco Jesús Burgos Ruiz (colexiado COAM núm. 7816) e Ginés Ignacio Garrido Colmenero (colexiado COAM núm. 9103).
2. Executar as ditas obras
3. Unha vez rematada a obra, ceder o uso da parte do edificio prevista no proxecto para centro de saúde por un prazo de 30 anos, prorrogable por outros 30 anos, que se formalizará mediante o correspondente documento de concesión demanial. A concesión e a reversión, no seu caso, faranse constar no Inventario Xeral de Bens e Dereitos do Concello.
4. Facerse cargo dos custos de mantemento xeral das partes comúns do edificio, repercutindo no Servizo Galego de Saúde consonte á cláusula 4ª.3 os que lle correspondan proporcionalmente aos metros cadrados da parte cedida, que de acordo co proxecto fíxanse en 54,12%.
5. Regular na ordenanza fiscal unha exención no imposto sobre bens inmobles para este centro de saúde, de conformidade co previsto no artigo 62.3 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.
6. Cumprir os requisitos para obter a condición de beneficiario establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
7. Consonte o establecido no artigo 27.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, o concello asume, na súa condición de beneficiario, a total responsabilidade ante o Servizo Galego de Saúde, da execución da actividade subvencionada. Tamén se compromete a requirirlle ao contratista a obriga de colaboración para o exercicio das funcións de control previstas no artigo 45 da citada lei.
8. Comunicar ao Servizo Galego de Saúde, se fose o caso, a alteración nas condicións tidas en conta para a concesión da axuda obxecto deste convenio e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou



axudas outorgadas por outras administracións, entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais para os efectos de propoñer, se procedera, de conformidade co disposto na cláusula décimo cuarta, a modificación das condicións establecidas neste convenio.

#### **Cuarta. Compromisos do Servizo Galego de Saúde**

O Servizo Galego de Saúde asumirá os seguintes compromisos:

1. Coa finalidade de asegurar a correcta execución das obras conforme aos criterios do Servizo Galego de Saúde, este deberá designar un supervisor para o centro de saúde, coas mesmas funcións que o supervisor municipal, agás a de asinar as certificacións de obra, das que dará a súa conformidade mediante un informe.
2. Rematadas as obras e acordada a concesión por parte do Concello, proceder á práctica do correspondente asento a favor do Servizo Galego de Saúde no Rexistro da Propiedade. A concesión non producirá efecto en tanto non se cumpra este requisito, para o que o cesionario deberá comunicar ao Concello a práctica do asento.
3. Destinar a parte do edificio cedida ao uso polo Concello da Coruña a centro de saúde e facerse cargo dos custos de mantemento desta, así como dos gastos comúns do edificio na porcentaxe que lle corresponda proporcionalmente aos metros cadrados da parte cedida (54,12%).  
Se os bens cedidos non fosen destinados ao fin ou uso previsto dentro do prazo sinalado no acordo de concesión ou deixasen de selo posteriormente, incumprísense as cargas ou condicións impostas, ou chegase o termo fixado, considerarase resolta a concesión, e reverterán os bens ao Concello.





4. Facerse cargo dos seguintes custos, na porcentaxe que proporcionalmente corresponda aos metros cadrados da parte do edificio proxectada a centro de saúde (54,12%):

- Importes aboados aos premiados no concurso de proxectos.
- Custos relativos ao servizo de asistencia técnica para a redacción do proxecto e dirección das obras.
- Custos relativos á caracterización da estrutura e ao estudo xeotécnico.
- Custos relativos ao servizo de asistencia técnica para o levantamento para conformar un soporte xeométrico masivo depurado en nube de puntos.
- Custos relativos á asistencia técnica para a dirección de execución das obras e coordinación de seguridade e saúde de acordo co importe de adxudicación.
- Custos correspondentes á execución da obra do centro de saúde de acordo co importe de adxudicación, ás eventuais modificacións – no seu caso – do contrato e á liquidación final da obra.




O pagamento realizarase nos seguintes termos:

- 
- Un primeiro aboamento no mes seguinte á recepción do xustificante de abono da redacción de proxecto, polo importe correspondente á porcentaxe do edificio destinado ao centro de saúde (142.941,74 euros) máis a porcentaxe proporcional dos premios aboados no concurso de proxectos (24.354 euros), a porcentaxe proporcional da caracterización da estrutura e do estudo xeotécnico (7.334,34 euros) e a porcentaxe proporcional da asistencia técnica para o levantamento para conformar un
- 

soporte xeométrico masivo depurado en nube de puntos (4.485,74 euros). As cantidades anteriores suman un total de 179.115,82 euros.

**Primeiro aboamento – (179.115,82 €)**





ANUALIDADE	SERVIZO GALEGO DE SAÚDE
2025	179.115,82
2026	
2027	
<b>TOTAIS</b>	

A data límite para a xustificación do proxecto será o 15 de decembro de 2025.

- Os seguintes aboamentos no mes seguinte á recepción da xustificación de abono polo Concello: de cada certificación de obra, das facturas da dirección de obra (ata un máximo de 102.510,49 €), e das facturas da dirección de execución e coordinación de seguridade e saúde.


**Segundo aboamento – (MÁXIMO 102.510,49 €)**



ANUALIDADE	SERVIZO GALEGO DE SAÚDE
2025	9.946,27
2026	79.570,14
2027	12.994,08
<b>TOTAIS</b>	<b>102.510,49</b>



- O restante, no seu caso, o mes seguinte ao xustificante de abono da certificación final/liquidación da obra ou da factura do mantemento correspondente consonte á cláusula 4ª.3.




Tendo a previsión do comezo da obra o 01/12/2025, a data límite para a xustificación da dirección de obra e documentación final, será o 15 de decembro de 2025, 2026 e 2027.

#### Quinta. Compromisos económicos das partes con relación ao custo de execución da obra.- Segundo proxecto

De acordo co estipulado nos puntos anteriores, con relación ao custo de execución da obra, este convenio implica obrigas orzamentarias para as partes que presentan a seguinte desagregación por anualidades:


ANUALIDADE	SERVIZO GALEGO DE SAÚDE (54,12%)	CONCELLO (45,88%)	TOTAL	% anualidade
2025	541.200,00	458.800,00	1.000.000,00	9,70%
2026	4.329.600,00	3.670.400,00	8.000.000,00	77,62 %
2027	707.038,74	599.389,09	1.306.427,83	12,68 %
<b>TOTAIS</b>	<b>5.577.838,74</b>	<b>4.728.589,09</b>	<b>10.306.427,83</b>	



Tendo a previsión do comezo da obra o 01/12/2025, a data límite para a xustificación da execución da obra, será o 15 de decembro de 2025, 2026 e 2027.




### **Sexta. Importe total dos compromisos económicos que asume o Servizo Galego de Saúde derivados do convenio**




O importe total dos compromisos económicos que asume o Servizo Galego de Saúde derivados deste convenio, recollidos nas cláusulas cuarta e quinta, ascenden a un total de 5.859.465,05 €, dos que 730.262,09 € corresponden á contía da anualidade 2025, que se fará efectiva con cargo á aplicación orzamentaria 5001 412B 760.0, co código de proxecto 2022 00005, na que existe crédito axeitado e suficiente nos orzamentos xerais da comunidade autónoma para este ano. A diferenza queda supeditada con relación a exercicios futuros, á existencia de crédito axeitado e suficiente.

Na anualidade 2026 excédese do límite establecido no artigo 62.2 do Decreto 11/2009, polo que se solicitou a autorización do Consello da Xunta de Galicia, conforme ao artigo 62.4 do mesmo.


### **Sétima. Xustificación e pagamento**




A xustificación dos gastos e o seu pagamento realizarase nos termos establecidos na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei, e no Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan as especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.



De conformidade co establecido no artigo 3.1 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas con carácter xeral, considerarase gasto realizado cando se teña contabilizado o recoñecemento da obriga polo órgano competente da entidade local. A entidade local beneficiaria estará obrigada a acreditar







documentalmente a efectividade dos pagamentos realizados no prazo máximo de sesenta días naturais contados a partir da data do ingreso na conta bancaria da beneficiaria de cada un dos aboamentos da subvención concedida.



### **Oitava. Comprobación da subvención**

En cumprimento do artigo 30.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, ao ser unha subvención de capital superior a 60.000 euros, no seu computo individual, destinada a inversión en activos tanxibles, será requisito imprescindible a comprobación material da inversión polo órgano concedente, quedando constancia no expediente mediante acta de conformidade asinada, tanto polo representante da administración como polo beneficiario. A citada comprobación material poderase encomendar a outro órgano distinto do que concedeu a subvención.

### **Novena. Comisión de seguimento, vixilancia e control**

Coa finalidade de asegurar o bo fin e cumprimento do obxecto deste convenio, constituirase unha comisión de seguimento á que corresponderán as seguintes funcións:

- 
- 
1. Impulsar e avaliar o cumprimento do presente convenio, proponendo as actuacións que se consideren precisas para tal fin.
  2. Interpretar en caso de dúbida o contido do mesmo.
  3. Propoñer ás partes a resolución das posibles controversias que puideran xurdir na súa aplicación.



A comisión estará formada por dúas persoas representantes de cada unha das partes nomeadas polos/as seus/súas máximos/as responsables. A comisión

reunirase por solicitude dunha das partes asinantes, considerándose constituída se asiste polo menos unha das persoas representantes de cada entidade.

### Décima. Vixencia

O presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e terá unha vixencia de catro anos, podendo ser prorrogado por mutuo acordo das partes asinantes antes da data da súa finalización, ata a consecución do seu obxectivo, sen que en ningún momento o período de vixencia poda superar o límite de oito anos establecido no artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, incluída a súa prórroga.

### Décimo primeira. Causas de resolución


- a) O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen que se acordase a súa prórroga
- b) Acordo unánime das partes asinantes.
- c) O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por algunha das partes asinantes.

Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumpridora un requirimento para que cumpra nun determinado prazo coas obrigas ou compromisos que se consideren incumpridos. Este requirimento será comunicado á comisión de seguimento, vixilancia e control.

Se transcorrido o prazo indicado persistise o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará á outra parte a concorrencia de causa de resolución e entenderase resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá traer consigo indemnización dos danos e perdas causados.

d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.


### **Décimo segunda. Transparencia**



A sinatura deste convenio leva implícito o consentimento expreso das persoas intervinientes para que a Administración pública autonómica galega, así como o Concello, poidan facer públicos os datos de carácter persoal e mailo resto de especificacións que figuren nel, de acordo co disposto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e na Lei galega 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.


O convenio será obxecto de inscrición no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, nos termos previstos no Decreto 126/2006, do 20 de xuño, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

### **Décimo terceira. Carácter normativo do convenio**




Este convenio ten natureza administrativa, rexéndose polas cláusulas que nel se establecen e, no seu defecto, polo regulado na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da lei de subvencións de Galicia e na Lei 38/2003, do 17 novembro, xeral de subvencións e demais normas de procedente aplicación.

### **Décimo cuarta. Compatibilidade**



Esta axuda é compatible coa obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos doutras entidades para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión



Europea ou de organismos internacionais, sempre que a contía total das axudas non supere o 100% do importe da actividade subvencionada. No caso de que a subvención concedida supere, illadamente ou en concorrencia con outras, o custo da actividade para a que foi concedida a subvención, descontarase o exceso obtido sobre o citado custo.

#### **Décimo quinta. Revogación e reintegro**

A axuda concedida ao amparo deste convenio poderá ser obxecto de revogación ou reintegro, xunto cos xuros de demora, cando concorran as circunstancias previstas nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, nos artigos 74 e seguintes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, e na Lei 38/2003, do 17 de novembro.

Será causa de reintegro total o incumprimento das obrigas establecidas para o concello nas cláusulas deste convenio.

En todo caso, será causa de extinción deste convenio a inviabilidade da realización da actuación por causas non imputables ás partes.



#### **Décimo sexta. Publicidade**

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten no convenio e mailo resto de especificacións contidas no mesmo, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia. A Consellería de Sanidade, mediante Resolución, dará publicidade no DOG ao Convenio suscrito con indicación do importe da axuda concedida.



Así mesmo, o contratista está obrigado a subministrar ao órgano de contratación, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquel das obrigas previstas no Título I da Lei 1/2016 do 18 de xaneiro, coas consecuencias que se poidan derivar no caso de incumprimento, nos termos establecidos no artigo 4.4 da dita lei.

En cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, a información requirida será comunicada á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

Así queda redactado o presente Convenio que, en proba de conformidade asinan os comparecentes, por duplicado exemplar no lugar e data indicados ao inicio.

En presenza do presidente da Xunta de Galicia,



Alfonso Rueda Valenzuela

Polo Servizo Galego de Saúde



Antonio Gómez Caamaño

Polo Concello da Coruña



Inés Rey García

María Esther Álvarez Martínez



Oficial maior do Concello da Coruña